

## **NORMAS PARA A PARTICIPACIÓN NA LUDOTECA DE NADAL 2024-2025**

1. No caso de que o número de solicitudes de inscrición presentadas supere o número de prazas ofertadas, na selección dos/as participantes terase en conta:
  - a) Que o/a menor estea empadroad/a no Concello de Viana do Bolo
  - b) Que a familia do/a menor se encontre nalgunha das circunstancias recollidas **no Artigo 6 da “RESOLUCIÓN do 29 de novembro de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade para o ano 2024”**.
2. Pedimos ás persoas encargadas de levar e recoller os/as nenos/as que sexan PUNTUAIS.
3. Os/as menores non poden levar ás actividades móbiles, nin dispositivos electrónicos de ningún tipo.
4. Recoméndase que os/as nenos/as acudan as actividades con roupa e calzado cómodo e fácil de lavar (uso de pinturas, pegamentos, etc.)
5. Sempre que a persoa encargada de recoller os/as menores sexa alguén que non figure na solicitude de inscrición, isto deberá notificarse con anterioridade ao persoal que xestiona a actividade, debendo esta persoa coñecer e cumprir as normas que aquí se expoñen.
6. Non se permite a entrada das familias aos espazos por razóns de seguridade.
7. A falta inxustificada do/a menor durante 2 días seguidos supón a perda do dereito á praza e, de haber listaxe de espera, asignaráselle a praza ao/á seguinte da lista.
8. O Concello de Viana do Bolo resérvase o dereito tomar medidas e/ou decisións non especificadas neste documento sempre que poidan contribuír a un mellor funcionamento das actividades
9. A Ludoteca de Nadla 2024-2025 contará á súa vez, cunha serie de normas e recomendacións a nivel interno para a boa convivencia entre os/as menores (ex. non insultar e/ou pegar, acatar as normas establecidas polas monitoras en cada actividade, etc.) . A falta reiterada de cumprimento destas normas básicas de convivencia será motivo de expulsión das actividades.
10. A inscrición do/a menor na LUDOTECA DE NADAL 2024-2025 supón o coñecemento e aceptación das normas reflexadas neste documento.

### **PERSOAL DE CONTACTO:**

Para calquera dúbida ou consulta ou queixa contactar co CIM:

Tlfo: 988 32 92 60

Correo electrónico: [cimviana@gmail.com](mailto:cimviana@gmail.com)

(Iniciada a actividade facilitaranse outros teléfonos para un contacto máis directo coas monitoras).